

8. **Horta de Calixto e Melibea** pequeno espazo axardinado sobre a muralla con boas vistas ás Catedrais e ao Tormes. Atópase no lugar en que se cre que Fernando de Rojas situou o encontro dos protagonistas e o escenario do trágico desenlace de **La Celestina**. Á entrada hai unha estatua que representa á Celestina.



9. **Cova de Salamanca** é a cripta da antiga **Igrexa de San Cebrián**, derribada no séc. XVI, que xa non existe. Está ubicada na parte máis antiga da Muralla. Segundo a lenda, o demo daba clases de nigromancia neste espazo

a sete alumnos durante sete anos. Pasado ese tempo, un deles tiña que quedar con el como pago a todas as ensinanzas. O Marqués de Villena foi un dos alumnos e cando foi elixido para permanecer xunto a Satanás, fuxiu, perdendo a súa sombra na fuxida. A historia da Cova traspasou fronteiras e foi moi utilizada na literatura. Cervantes tratou a lenda de xeito burlesco no seu entremés *La cueva de Salamanca*. Nalgúns países de América chámaselles *salamanca* ás covas e lugares escuros onde se celebran actividades maléficas ou de maxia negra.

ITINERARIO:

Plaza Mayor, Calle Prior, Plaza de Monterrey, Calle Compañía, Universidad Pontificia, Casa de las Conchas, Clerecía, Pl. de San Isidro, Calle de los Libreros, Universidad de Salamanca, Calle Latina Tavira, Plaza de Juan XXIII, Catedral Nueva, Catedral Vieja, Plaza Carvajal, Cuesta Carvajal, Plaza de Anaya, Calle Cardenal Plá y Daniel, Plaza Mayor por calle Rúa Mayor.

SALAMANCA NUN DÍA (Roteiro para o alumnado)



1. A **Praza Maior de Salamanca** é das máis famosas de España. É de estilo barroco e foi construída entre o séc. XVIII e o XIX. Nela interviu o famoso artista Alberto Churriguera.

Un xeado na Praza Maior. É o máis típico, nos días de sol e calor, elixir entre os miles de sabores de xelados que aquí podemos atopar.

Contan que, até o séc. XIX, a neve traíanna da serra.

Café Novelty. Gonzalo Torrente Ballester recibía neste café, a xente falaba con el e preguntábanlle e el respondía como galego/salmantino “depende”. Este café é o curruncho dos “gozos e das sombras, das fugas e das sagas” en Salamanca.

2. Desde aquí chegamos ao **Palacio de Monterrey** saíndo polo arco que dá á rúa Prior. O Palacio é propiedade do Ducado de Alba e foi edificado no séc. XVI en estilo Plateresco.

Desde aquí podemos ir ao **convento das Agustinas**, cuxa fundación debeuse ao Conde de Monterrey.





3. Desde a mesma **Praza de Monterrey** xa se ven as **Torres da Clerecía**, a onde chegamos pola rúa da Compañía. A Clerecía é estilo barroco do séc. XVII, este é o templo-colexio que a compañía de Xesús construiu en Salamanca.

4. Fronte á imponente

fachada da Clerecía está a **Casa das Cunchas**, palacio construído entre o séc. XV e o XVI, é o edificio máis representativo da época dos Reis Católicos. Pódense ver nel máis de 350 cunchas de Peregrino compostelán.



5. Collendo pola rúa Libreros, chegamos á **Universidade**, fundada por Afonso IX, rei de Galicia e León, en 1218. É a máis antiga de España. A súa fachada é de estilo Plateresco. No seu interior atópase a aula Fray Luis de León, a Capela Universitaria e a Biblioteca. Fronte á su fachada ábrese o **Patio das Escolas** ao que dan tres edificios que constitúen o antigo recinto Universitario: **Casa dos doutores da Raíña**, **Patio de Escolas Menores** e **Hospital do Estudo**. As Escolas Menores, á dereita do



Reitorado, contén un patio do séc. XV e o Museo Universitario, en cuxo interior destacan os restos dun mural contendo planetas, astros e constelacións zodiacais que se coñece como **El cielo de Salamanca**.



Na fachada da Universidade, atópase unha caveira cunha rá pousada no cranio. Para moitos é símbolo do pecado, pero entre o estudantado

corre a lenda de que lle dá sorte o primeiro que é quen de vela...

6. A **Casa Lis** é un palacete modernista, onde funciona o Museo de Art Nouveau y Art Déco. Un espazo para soñar. Color, luz, cristais, xoias, monecas...




7. Chegamos ás catedrais, pola rúa Calderón dela Barca. A **Catedral Vella** iniciouse no séc. XII e é de estilo Románico, a súa cúpula é coñecida como a **Torre del Gallo**. A **Catedral Nova** foi iniciada en 1513, é unha das últimas construcións góticas europeas. As súas torres



medievais reciben o nome de **Ieronimus**.

SALAMANCA NUN DÍA



- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.

TAREFAS:

1. Seguindo as indicación do roteiro e o plano da zona monumental da cidade, guía por Salamanca aos teus profesores.
2. Engade aos números os nomes dos lugares que correspondan, segundo a súa localización no mapa.
3. No roteiro, as imaxes non se corresponden coas explicacións, foron alteradas. Terás que facelas cadrar, indicando o número que corresponde a cada imaxe, despois de ter feito o percorrido e despois de ter visto e fotografiado eses lugares.

ALUMNO/A: